

1979-80

99

CANTIGO PRA UNHAS DATAS ABRENTICIAS.

1.

!Ledo Nadal dos cómbaros nevadas,  
mensaxeiro divino e raiolante,  
mes encheito de lecer e armonía,  
louvado sexas agora e sempre...!

Ó chegares tí caen as derradeiras  
follas dos calendarios e levan  
consigo as coitas e as tristuras  
pasadas durante o ano enteiro.

Entras polos fogares a xeito de fado  
tocando o tamboril do amor fraterno  
e deixas a túa semente degrañada  
no peito das xentes sinxelas e arelantes.

Eres a data feliz e algareira, o tempo  
que agardan decote as almas ó axexo.

Pra te festexar,  
xúntanse arredor da mesa familiar  
homes e mulleres, pobres e ricos,  
e todos soñan cos ollos abertos  
un mesmo soño de espranzas frolecidas.

Acarón dos lares ergues un piñeiro noviño  
cuberto de guirnaldas i enfeites,  
rodeado de critsmas feiticeiros: mensaxes  
de quenes se aman a traveso da distancia.

!Oh, Noiteboa!... Encanto a mai reparte o turrón  
e a aboa canta panxoliñas,



tí dibuxas na faciana de cada quen  
un sorriso igual ca unha estrela lumiosa  
e ventureira.

!Ah, Nadal!... Tal día coma hoxe -fai casemente  
2000 anos- nacéu en Belén o redentor  
do mundo: un meniño con corazón de pantrigo  
e ollos rebordantes de mencers e luaradas.

!Qué gozo maxinar a San Xosé carpinteiro  
a dormir no chau, xunto ó boi e á mula,  
e a Virxen a fiar a luz do alborecer  
co seu fuso de fiandeira homilde e aldeana!

!Qué gozo maxinar o meniño rebuldeiro,  
deitado antre unhas pallas de centeo,  
a sorrir cara o xentío,  
mentras os pastores tocaban a gaita e o pandeiro  
e lle ofrecían galanos nunca vistos!

## 2.

Ninguén coñece o fondo misterio, o segredo  
agachado na raigame destas datas  
que se esparxen sobor do mundo  
envoltas no silencio da longa invernia.

Un ronsel de Paz, o mesmo ca un arco de vellas,  
brila en tódalas portas i en tódalas ventás  
cando soan as campás nos sineiros das igrexas  
a proclamar a gran nova ós catro ventos.

As folerpas, caídas nos campos espidos,  
danlle ás cousas tenrura e pureza  
e visten a terra con traxe de festa maior  
pra que volte a ser mocíña casadeira.



Os corazóns dos homes éñchense de ilusión,  
pra loitar en pro da xusticia e da verdade,  
i espallan a compás os seus latexos namorados:  
cativos axóuxeres de ledicia e bon agoiro.

Un anxo cunha trompeta de luz e amor  
revoa porriba dos campos de batalla  
e, súpeto, cálanse as pistolas e os fusís:  
armas malditas, cousas da xenreira, fillas  
do demo arrenegado.

Nón existen razas nin cores nestes días.  
Negros e brancos xúnguense nunha aperta  
i entoan un grorioso tedeum laudamus  
ó son dun pandeiro recén estrenado.

A Noitevella, cuberta de farrapos brancos,  
entra ó interior de tódolos fogares  
e, ó comer as doce uvas, dicéselle adiós  
ó ano cun pano de lembranzas e saudade.

O Aninovo chega mergullado en alegría.  
A terra esperta encoiros -talmente  
un meniño da teta- e óinse por todel  
cantigas de berce fermosas e gasalleiras.

O día de Reises hai gozo a maus cheas.  
Os nenos recollen os zapatos do trinqué  
ateigados de regalías e arelas,  
i estrenan xoguetes feitucos: pregoeiros  
dun mundo novo e ditoso.

Oh, Señor, estas datas abrenticias, este  
tempo acugulado de feitizo e alboradas,



veñen de lonxe, do teu paraíso ignoto  
onde nunca remata a felicidade tan soñada.

Pedímosche, xa que logo, forcia e tesón,  
luz pra andar ergueitos os camiños da vida  
e apropiarnos da gran herdade que deixou  
aquel neno nacido nun pendello ó cantar os galos.

--oo--

Lema: TEDEUM LAUDAMUS.